MARTA GIRALDEZ BARRAL (1 para 1)
Presidenta
Data de Sinatura: 20/07/2021
HASH: 92b94278e9c2b531e883a30362b54e0e

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE XERACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICO NA ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN URXENTE. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

ORZAMENTO BASE: 49.586,78 €; IVE: 10.413,22 €; TOTAL: 60.000,00 €

DECLARACIÓN DE URXENCIA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Vista a Resolución, con data de 30 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Administración Local pola que se acorda conceder á Mancomunidade do Salnés unha subvención para o proxecto denominado: "SALNES MEDIOAMBIENTAL IX: instalación dun sistema de xeración solar fotovoltaico na estación de bombeo de auga da mancomunidade", por importe de 39.000,00 € (IVE incluído) para o orzamento de investimento, na que se establece un prazo de xustificación do investimento a 31 de outubro de 2021.

A necesidade da contratación do subministro para a mellora de eficiencia de bombeo de auga potable con planta solar fotovoltaica na Mancomunidade do Salnés, ven dada porque, analizado o elevado consumo enerxético da instalación, así coma o seu horario, o cal se adapta perfectamente á produción da planta fotovoltaica, xa que as instalacións funcionan os 365 días ao ano, áchase claramente xustificada a necesidade de emprender accións que diminúan os custes enerxéticos da instalación e aumentar o grado de autoabastecemento enerxético da mesma, aproveitando a enerxía procedente do sol, polo que resulta preciso realizar a adquisición do subministro e proceder á xustificación da inversión prevista na resolución concedida pola Consellería de Presidencia.

A urxencia na execución do investimento ven dada porque haberá de executarse no prazo establecido na resolución emitida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza Consellería, que prevé a data de xustificación a 31/10/2021.

Considerando que operan os requisitos previstos no art. 119.1 da LCSP.

En base ó anterior, esta Presidencia entende xustificada a tramitación urxente do expediente, aos efectos do Art. 119.1 da LCSP.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 4QY7J6KTA4H3PMJ35AZ5NM5MC | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1